



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a tres de maio de dous mil cinco

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de "A Lama de San Xoán, Os Vales, A Raposeira, A Baceira, A Lama, Os Telados, As Cobas, Os Pontois, As Xerías, Fondo do Souto, Pontón das Covas, Riba Furada, O Couto, e O Cardoso", por solicitude dos veciños do lugar de Santa Mariña de Froxais, parroquia de San Martiño (San Xoán), no concello de Viana do Bolo (Ourense).

Resultando que con data 7 de febreiro de 2002, e ampliada en 22 de novembro de 2002, tiveron entrada, no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Santa Mariña de Froxais, Concello de Viana do Bolo (Ourense), solicitando se declare o monte " A Lama de San Xoán, Os Vales, A Raposeira, A Baceira, A Lama, Os Tellados, As Cobas, Os Pontois, As Xerías, Fondo do Souto, Riba Furada, O Couto, e O Cardoso" como veciñal en man común.





Resultando que o Xurado Provincial, en sesión celebrada en data 6 de novembro de 2002, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Miguel Ángel González Trigás e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo na mesma sesión. Remitíronse comunicacións dirixidas aos veciños do lugar de Santa Mariña de Froxais, á Deputación Provincial de Ourense, ao alcalde do Concello de Viana do Bolo, á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, á Delegación Provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e ao Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo.

Resultando que nesta data o inicio se acorda respecto das parcelas "A Lama de San Xoan, Os Vales, A Raposeira, A Baceira, A Lama, Os Tellados, As Cobas, Os Pontois, As Xerías, Fondo do Souto, informándolles que as denominadas Riba Furada, O Couto e O Cardoso constan incluídas no monte veciñal en man común denominado "Comunal de Frojanes", clasificado en data 23 de xuño de 1975, a favor dos veciños de Froxais.

Publicáronse edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello de Viana do Bolo, segundo consta en dilixencia estendida ao dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo





sinalado dun mes, os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo, como segue:

Asento número 2384, do Diario 22, Anotación Letra A, a favor dos veciños de Santa Mariña de Froxais, Leira número 18.649, ao Folio 174, do Libro 161 de Viana do Bolo, Tomo 373 do Arquivo.

Resultando que na sesión do 30 de marzo de 2004, tómase en consideración a acta de conciliación do 25 de novembro de 2002 do Xulgado de Paz de Viana do Bolo, relativa a las parcelas denominadas “Riba Furada, O Couto e O Cardoso” verbo da titularidade das mesmas e de recoñecemento dos veciños de Froxais de que pertencen aos veciños do lugar de Santa Mariña de Froxais.

Resultando que na tramitación do expediente, os veciños de Santa Mariña de Froxais detectan que por erro ou olvido non figura unha parcela nas solicitudes, polo que con data 1 de abril de 2004, a través do seu presidente solicitan a inclusión da mesma coa denominación de “Pontón das Covas” cunha medida de 6,51 áreas, e cos lindeiros: norte, leste e sur con camiño veciñal, e oeste con Braulio Afonso Afonso, A mesma, figura xa no plano achegado con anterioridade.





Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "*actio communi dividundo*".





Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Santa Mariña de Froxais, no Concello de Viana do Bolo.

Considerando que de acordo co artigo 2 da Lei 13/1989, os montes veciñais en man común son bens inalleables, imprescritibles, indivisibles e inembargables, constituíndo esta natureza un carácter inherente ao monte con carácter preexistente.

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de de Santa Mariña de Froxais, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños de Santa Mariña de Froxais, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.





Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 106/2004, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

A C O R D A:

Primeiro.- Clasificar o monte coa denominación de A Lama de San Xoán, Os Vales, A Raposeira, A Baceira, A Lama, Os Tellados, As Cobas, Os Pontois, As Xerías, Fondo do Souto, Pontón das Covas, de 7 ha 05 a 94 ca, aproximadamente en conxunto de superficie a favor dos veciños do lugar de Santa Mariña de Froxais, parroquia de San Martiño (San Xoán), do Concello de Viana do Bolo (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Segundo.- Unir, nesta clasificación, as parcelas resultantes da conciliación do 25 de novembro de 2002 do Xulgado de Paz de Viana do Bolo, relativa a





titularidade das parcelas denominadas “Riba Furada, O Couto e O Cardoso” ,
dunha superficie aproximada de 20 ha 19 a, verbo da titularidade das mesmas e de
recoñecemento dos veciños de Froxais de que pertencen aos veciños do lugar de
Santa Mariña de Froxais.

Terceiro.- Verbo dos puntos primeiro e segundo o monte cunha superficie
total en conxunto de 27 ha 24 a 94 ca., pasaría a denominarse” A Lama de San
Xoan, Os Vales, A Raposeira, A Baceira, A Lama, Os Tellados, As Cobas, Os
Pontois, As Xerias, Fondo do Souto, Pontón das Covas, Riba Furada, O Couto e
O Cardoso”.

Os datos do citado monte son:

Concello: Viana do Bolo (Ourense)

Denominación do monte : A Lama de San Xoan, Os Vales, A Raposeira,
A Baceira, A Lama, Os Tellados, As Cobas, Os Pontois, As Xerias, Fondo do
Souto, Pontón das Covas, Riba Furada, O Couto e O Cardoso

Comunidade propietaria: veciños de Santa Mariña de Froxais, parroquia de
San Martiño (San Xoán)

Superficie: 27 ha 24 a 94 ca, en conxunto , aproximadamente.

Monte denominado : A Lama de San Xoán

Superficie: 83 a 43 ca, aproximadamente

Estremas.

Norte. Propiedade particular de Milagros Rodríguez Rodríguez





Sur: propiedade particular de Jose Rodríguez Rodríguez

Leste: estrada de Viana do Bolo a San Agustín

Oeste: propiedade particular de Magín Rodríguez Prieto

Monte denominado Os Vales:

Superficie aproximada de 2 ha 48 a 66 ca, aproximadamente

Estremas:

Norte: regueiro do Rosario

Sur: monte veciñal de Louzaregos e propiedades particulares de Concepción Rodríguez Vázquez, Julio Villarino

Leste: propiedades particulares de Juan José Robleda Afonso, Libia Rodríguez Rodríguez e Obdulia García Prieto

Oeste: regueiro do Rosario

Monte denominado A Raposeira:

Superficie aproximada: 86 a 30 ca

Estremas:

Norte: propiedades particulares de Manuel Rodríguez Rodríguez

Sur: camiño da Raposeira

Leste: propiedade particular de Sixto Fernández Piñeiro

Oeste: propiedades particulares de Sofia García Prado, Margarita Couso Prieto

Monte denominado A Baceira:

Superficie aproximada: 66 a 71 ca





Estremas:

Norte: propiedades particulares de Francisco Rodríguez Primo, Jesusa Primo García, Leopoldo Martínez Montesinos

Sur: camiño das Covas, camiño de Baceira

Leste: propiedades particulares de Obdulia García Prieto, Francisco Rodríguez Primo

Oeste: propiedades particulares de Filomena e Jose Manuel Martínez Robleda, Luisa Fraiz García

Monte denominado A Lama

Superficie aproximada 23 a 96 ca

Estremas:

Norte: propiedade particular de Domingo Afonso, e camiño da Garbanceira;

Sur: camiño da Garbanceira e camiño das Covas

Leste: propiedade particular de Domingo Afonso, e camiño da Garbanceira;

Oeste: propiedade particular de Filomena Martínez Robledo

Monte denominado Os Tellados:

Superficie aproximada 61 a 27 ca

Estremas:

Norte: camiño das Covas

Sur: estrada de San Agustín e propiedades particulares dos veciños de Sta. Mª de Froxais

Leste: propiedades particulares de Braulia Afonso Afonso, Monte das Covas, Regueiro do Rosario





Oeste: propiedades particulares de Jose Antonio Fernández Vázquez e Teresa Alonso García

Monte denominado As Cobas:

Superficie aproximada 13 a 52 ca

Estremas:

Norte propiedades particulares de Braulia Afonso Afonso

Sur: propiedade particular de Santos Pérez Cerezal,

Leste: Regueiro do Rosario

Oeste: Monte dos Tellados

Monte denominado Os Pontois

Superficie aproximada 20 a 11 ca

Estremas:

Norte: Regueiro do Picouto e propiedades particulares de Braulia Afonso Afonso e Serafin Martínez Robleda

Sur e Leste: estrada de Viana do Bolo a San Agustín,

Oeste: propiedades particulares de Avelino Alonso Couso e Josefa Dosantos Fernández

Monte denominado As Xerías:

Superficie aproximada: 44 a 18 ca

Estremas:

Norte: propiedades particulares de Secundina Couso Hervella, Jose Antonio Fernández Vázquez, Pedro Vázquez Carballo

Sur: Regueiro do Rosario

Leste: propiedade particular de Antonio Rodríguez Rodríguez





Oeste: propiedade particular de Juan Jose Robleda Afonso e Manuel Rodríguez Rodríguez

Monte denominado Fondo do Souto:

Superficie aproximada 51 a 29 ca

Estremas:

Norte: Regueiro do Rosario

Sur: propiedade particular de Pedro Pérez Cerezal

Leste: estrada de Paradela

Oeste: propiedades particulares de Josefa Sobrino Rodríguez e Jesús Carballo Blanco

Monte denominado Pontón das Covas:

Superficie aproximada: 6 a 51 ca

Estremas:

Norte: camiño veciñal.

Sur : camiño veciñal.

Leste: camiño veciñal

Oeste: Braulio Afonso Afonso.

Monte denominado Riba Furada:

Superficie aproximada: 3 ha 39 a

Estremas:

Norte: camiño veciñal de Santa Mariña a O Picouto.





Sur: regueiro do Picouto Lorenzo Martínez Pousa, Isabel Pousa Couso,
Isidro Robleda Afonso.

Leste: monte veciñal de Froxais

Oeste estrada de Viana ás Pías.

Monte denominado: O Couto:

Superficie aproximada: 5 ha 20 a

Estremas:

Norte: Regueiro do Picouto

Sur: monte veciñal O Cardoso

Leste: Regueiro do Picouto

Oeste: castañal de herdeiros de Margarita Vázquez Rodríguez.

Monte denominado : O Cardoso

Superficie aproximada: 11 ha 60 a

Estremas:

Norte: monte veciñal O Couto

Sur: camiño veciñal de Penouta a Paradela, José Yáñez Vicente, José
Afonso Yáñez, Juan Fernández Fraiz, Isabel Castaño Velázquez, José Afonso
Yáñez

Leste: Regueiro do Picouto


Oeste: Juan Fraiz Fraiz, Amelia Couso Isla, Magdalena Carballo Blanco,
Bernardino Prieto Rodríguez..





Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ao alcalde-presidente do Concello de Viana do Bolo , aos representantes da comunidade veciñal, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais (Consellería de Medio Ambiente), aos que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.)



1:5000

MONTES
STA. MARIÑA
DE FROXAIS